

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN223A).

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio, e así o considera o Plan de renovación e mellora do comercio galego, entre cuxas medidas figura un programa específico de mellora competitiva do comercio polo miúdo que busca conxugar os intereses entre o comercio e o contorno en que se desenvolve a súa actividade, a través do impulso dos espazos de uso comercial.

As actuacións desenvolvidas polos concellos para o mantemento e a renovación do comercio e a revitalización dos núcleos urbanos e dos núcleos históricos resultan imprescindibles, e así o considera o devandito plan, que persegue a inclusión da actividade comercial como un elemento máis dentro do concepto global de planificación que os concellos deben desenvolver para definir o seu modelo urbanístico, de xeito que se logre incluír dentro dos plans urbanísticos, un planeamento comercial.

Polo tanto, resulta oportuno establecer liñas de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as corporacións locais para posibilitar, por unha banda, medidas e actuacións que sirvan para modernizar, potenciar e revitalizar o comercio naquelas áreas que son, ou poden chegar a ser, polos de atracción con efectos expansivos para o tráfico comercial (liña Merca); e por outra, medidas e actuacións que sirvan para a vertebración do comercio urbano, asociado ao desenvolvemento dos eixes comerciais, é dicir, aquelas partes neuráxicas e de atracción arredor das cales xira o tráfico mercantil máis representativo, potenciar a zona no seu conxunto tendo como obxectivo revitalizar, impulsar e dotar dunha personalidade propia, atractiva e dinamizadora, o comercio do centro ou de certas partes do núcleo urbano dunha poboación (liña Urbancomer).

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería de Innovación e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria para adecuación e

modernización de equipamentos comerciais: liña Merca e vertebración do comercio urbano: liña Urbancomer (código del procedemento IN223A), que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009.

3. O gasto que se proxecta tramitarase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2009, en trámite parlamentario, de acordo co disposto no punto 3º *in fine*, da Orde do 27 de novembro de 2000, pola que se modifica a do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto.

Artigo 2º.-*Solicitudes.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. A través do formulario proporcionánselle á Consellería de Innovación e Industria datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para ese efecto procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros. No entanto, a Consellería de Innovación e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano, San Caetano s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros da Consellería de Innovación e Industria, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o

oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 18 de marzo de 2009, ambos os dous inclusive.

Artigo 4º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

Artigo 5º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN223A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.conselloriaei.org), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) Os teléfonos 981 18 49 05/62 da Delegación Provincial da Coruña.

982 29 46 67/49 38 da Delegación Provincial de Lugo.

988 38 67 12 da Delegación Provincial de Ourense.

986 80 52 26/28 da Delegación Provincial de Pontevedra.

c) Os fax 981 18 47 90 da Delegación Provincial da Coruña.

982 29 46 81 da Delegación Provincial de Lugo.

988 38 67 27 da Delegación Provincial de Ourense.

986 80 52 47 da Delegación Provincial de Pontevedra.

d) Enderezos de correo electrónico.

maria.concepcion.olveira.espinosa@xunta.es da Delegación Provincial da Coruña.

ramon.maria.olano.vela@xunta.es da Delegación Provincial de Lugo.

ana.isabel.perez.souto@xunta.es da Delegación Provincial de Ourense.

jose.manuel.estevez.heredia@xunta.es da Delegación Provincial de Pontevedra.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a directora xeral de Comercio para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conseilleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións á corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a adecuación e modernización de equipamentos comerciais: liña Merca, e vertebración do comercio urbano: liña Urbancomer.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. En concreto, considéranse actuacións subvencionables as que a continuación se especifican, sempre que estas sexan realizadas desde o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 16º.

Liña Merca.

a) Realización de estudos de mellora da organización tanto física como funcional dos mercados retalistas, así como a realización dos proxectos de investimento como consecuencia das propostas concretas formuladas nos devanditos estudos, que favorezan a posta en marcha de novos servizos ou que supoñan unha transformación substancial da súa infraestrutura, funcionamento ou xestión.

b) Investimentos en mercados retalistas, en concreto, a construción, reparación, modernización e remodelación da estrutura física e das instalacións de uso comunitario, así como contornos anexos onde se produza venda de produtos tradicionais.

c) Investimentos en proxectos para adecuación física ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes, de apertura periódica.

d) Investimentos noutros equipamentos comerciais, en particular as dotacións de equipo e instalacións xerais ou complementarias que se integren en unidades comerciais afíns, incluídas infraestruturas desmontables e rotuladas con indicativo de produtos comarcais ou locais da zona específica que corres-

ponda e sempre que non conte o concello con posibilidades de dotación de espazo ou inmobles para albergar esta tipoloxía de comercio que integre os produtores que exerzan directamente a actividade comercial.

Liña Urbancomer.

a) Diagnoses e estudos sobre a situación do comercio en áreas xeográficas determinadas co obxectivo de implantar plans de dinamización e mellora deses territorios. Estes estudos deberán ter por obxecto unha área territorial limitada en municipios de máis de 10.000 habitantes, ou grupos de concellos que superen, no seu conxunto, ese número de habitantes.

b) A realización de estudos de mellora da organización tanto física como funcional de centros comerciais de barrio, naquelas áreas que se encontren degradadas e/ou nas cales se implantasen novas fórmulas comerciais, especialmente de gran superficie, así como a realización dos proxectos de investimento de mellora física, xestión ou accesibilidade, como consecuencia das propostas concretas formuladas nos devanditos estudos.

c) Actuacións en rúas ou zonas peonís comerciais, en concreto, as derivadas de proxectos de creación, modificación e mellora das rúas e zonas peonís-comerciais, como consecuencia das propostas especificamente formuladas.

d) Actuacións nos eixes comerciais como puntos neuráxicos respecto dos cales xira o tráfico mercantil máis representativo, especialmente onde estean constituídos centros comerciais abertos. Os proxectos deberán promover o amoblamento urbano, sinalizacións, rotulación comercial, iluminación e todos aqueles complementos que estimulen unha mellor actividade comercial.

e) Creación e mantemento de servizos municipais ou mancomunados de apoio ao comercio.

4. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Custos relativos á adquisición de bens inmobles e/ou o seu mantemento, así como alugamento de locais.

b) Custos relativos á redacción de proxectos técnicos que non leven aparellada a súa execución.

5. Subvencionarase un proxecto por concello e no caso de presentar máis dunha solicitude aplicarase o disposto no artigo 8º.4.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. Para a concesión das subvencións, liñas Merca e Urbancomer, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 10.05.751-A.761.3, Transferencias de capital. Corporacións locais. Ordenación de espazos comerciais municipais, coa seguinte distribución para o ano 2009 e a plurianualidade para o ano 2010, con independencia dos orzamentos que se aproben no dito exercicio. As canti-

dades sinaladas entenderanse sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 9º.

Aplicación orzamentaria: 10.05.751-A 761.3.

Ano 2009: 7.300.000.

Ano 2010: 3.650.000.

2. As porcentaxes máximas subvencionables dos investimentos obxecto das axudas son as seguintes:

Liña Merca.

a) Nos investimentos considerados na alínea a) do artigo 1º, a subvención poderá acadar ata un máximo do 30%, excepto os referentes á materialización dos estudos, que poderán acadar ata o 70%.

b) Nos investimentos considerados nas alíneas b) e c) do artigo 1º, a subvención poderá acadar ata un máximo do 70%.

c) Nos investimentos considerados na alínea d) do artigo 1º, a subvención poderá acadar ata un máximo do 50%.

Liña Urbancomer.

a) Nos investimentos considerados nas alíneas a), b) e e) do artigo 1º, a subvención poderá acadar ata un máximo do 50%.

b) Nos investimentos considerados nas alíneas c) e d) do artigo 1º, a subvención poderá acadar ata un máximo do 70%.

3. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

4. Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual nos termos e límites do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cando o peticionario sexa unha agrupación de dous o máis concellos deberase facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que van aplicar cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios, polo que non poderán solicitar singu-

larmente subvencións para a mesma finalidade. Nestes casos, deberá nomearse un representante único da agrupación para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. Xunto coa solicitude, individualizada e distinguindo a liña de actuación segundo modelo normalizado do anexo II, deberá achegarse a seguinte documentación por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada, polo menos unha delas.

a) Certificación do acordo de aprobación, polo correspondente órgano municipal do proxecto de investimento, da solicitude de subvención coa súa contía exacta e do plan de financiamento do proxecto.

b) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos inmobles ou das vías en que estea previsto realizar o investimento, segundo os casos.

c) Memoria explicativa que considere os seguintes aspectos:

-Interese, oportunidade e necesidade do investimento.

-Programa de execución con especificación das datas de inicio e remate previstas.

-Estado actual do equipamento de que se trate e, se é o caso, detalle das súas instalacións, antigüidade, capacidade comercial e adecuación entre necesidades e funcións que cumpre.

d) Reportaxe fotográfica do estado actual onde se proxecta o investimento, incluíndo, se é o caso, os establecementos comerciais afectados.

e) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións efectuadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, segundo o modelo normalizado do anexo III.

f) Declaración de compromiso de utilización da lingua galega segundo o modelo normalizado do anexo IV, de ser o caso.

3. Así mesmo, deberá presentarse a seguinte documentación específica segundo as actividades que se relacionan:

-Realización de estudos: memoria descritiva, metodoloxía e finalidade perseguida, xuntando a información que avale o equipo de investigación, currículo e experiencia.

-Realización de obras: memoria valorada, asinada por técnico competente, con detalle no nivel de capítulo das actuacións que se pretenden executar, incorporando cadro detallado, por tipoloxía, dos establecementos comerciais existentes na área obxecto de actuación, e no caso de mercados, indicación da periodicidade do servizo e número de postos de venda.

-Investimentos noutros equipamentos comerciais: memoria xustificativa con expresión das características do investimento que se vai realizar; presentárase xuntando orzamento ou factura pro forma.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o recoñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa que xa se atope en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou se constatase a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir do solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión. Non obstante, cando a competencia estea desconcentrada nos delegados provinciais desta consellería, o órgano instrutor será a secretaría da respectiva delegación provincial.

Artigo 7º.-Instrución dos procedementos.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados. Constituirase unha comisión de valoración en cada delegación provincial.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente/a. O secretario/a da delegación provincial.

b) Vogais. Dous funcionarios/as nomeados/as polo/a delegado/a, que poderán exercer tamén a secretaría da comisión.

c) Secretario/a. Un funcionario/a da delegación provincial.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia

ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

5. A comisión de valoración, con carácter xeral para todas as actuacións presentadas, poderá establecer límites máximos de investimento subvencionable naqueles conceptos en que xustificadamente se considere necesario, segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das subvencións, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) Número de establecementos comerciais donde se vai realizar o investimento, entendendo por tales, aqueles que veñen recollidos na Sección G do Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a clasificación nacional de actividades económicas (afectados polo proxecto ata 6 puntos). Máis de 10 establecementos: 6 puntos, entre 5 e 10 establecementos: 3 puntos, e menos de 5 establecementos: 1 punto.

b) Cofinanciamento do proxecto por parte doutras administracións ou institucións, ata 5 puntos cando sexa igual ou superior ao 50%, 4 puntos cando sexa igual ou superior ao 40%, e 3 punto cando sexa superior ao 30%.

c) Remodelación de mercados retallistas que incorporen un plan de xestión específico, 4 puntos.

d) Proxectos que procuren un hábitat máis racional nos puntos de venda e doutros elementos comúns da unidade comercial, segundo criterios de accesibilidade, comodidade e información dos consumidores e usuarios, 4 puntos.

e) Proxectos que respondan a un plan integral que resolva os aspectos estruturais e funcionais da zona, de acordo con criterios de orde xeral en materia de urbanismo comercial, (4 puntos). Con ampliación de espazo de uso peonil exclusivo; 4 puntos, sen ampliación do espazo peonil: 2 puntos.

f) Proxectos destinados á adecuación de edificios, instalacións e equipamentos, nos cales se producise unha deterioración grave, e sempre que redunden na mellora da actividade comercial, 3 puntos.

g) Proxectos que sexan asumidos formalmente polas asociacións de comerciantes beneficiadas coas actuacións que se vaian realizar, 3 puntos.

h) Proxectos que incorporen actuacións referidas ás enerxías alternativas, 3 puntos.

i) Compromiso de utilización da lingua galega en toda a sinalización e nos elementos que proceda das actua-

cións subvencionables, 2 puntos. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinado, do modelo que se inclúe como anexo IV.

j) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria, 1 punto.

k) Todos os proxectos de actuacións en mercados municipais e centros comerciais abertos terán 3 puntos supletorios, se se refire a actuacións en galeirías comerciais: 2 puntos, e en actuacións en áreas de mercados tradicionais ou ambulantes: 1 punto.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro ou, se é o caso, ao delegado provincial, conforme o establecido no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias para a concesión de axudas e subvencións nos delegados provinciais ou territoriais da Xunta de Galicia.

2. O conselleiro ou, se é o caso, o delegado provincial, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, que para as que teñan carácter plurianual expresará a cantidade outorgada con cargo ao orzamento do exercicio posterior, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novem-

bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data de convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria ou, se é o caso, o delegado provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de esta ser expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de esta ser expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida ao órgano conce-

dente, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior; cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria ou, se é o caso, o delegado provincial, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ou, se é o caso, o delegado provincial ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas do beneficiario:

a) Realizar o investimento ou a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento ou a actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, mediante a instalación dun panel coas medidas mínimas de 80 por 150 centímetros coa imaxe corporativa da Consellería de Innovación e Industria - Dirección Xeral de Comercio, e no cal conste, cando menos, a denominación da actuación, orzamento e subvención concedida.

g) Reintegro, total o parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, por duplicado, nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2009.

a) En caso de obras:

-Proxecto técnico visado cando o investimento supere o importe de 18.000 euros, e noutro caso memoria técnica definitiva, documentos que non poderán variar substancialmente a memoria presentada coa solicitude, todo isto salvo que a devandita documentación se achegase con anterioridade.

-Certificación acreditativa da adxudicación que indique o nome do contratista, o importe líquido da adxudicación e, se é o caso, a baixa na licitación.

-Certificación da obra realizada, expedida polo técnico facultativo e aprobada polo órgano competente do concello beneficiario.

b) En caso de estudos, acta de recepción e conformidade.

c) Nos demais casos, certificación acreditativa do investimento ou da adquisición dos equipamentos.

e) En todos os casos:

-Certificación do interventor respecto da achega municipal comprometida para financiar o investimento.

-Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, para o mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes, doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

-Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ou, se é o caso, o delegado provincial, ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do investimento subvencionado.

2. O libramento da subvención correspondente á esta anualidade farase nun único pagamento, unha vez xustificada o investimento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira e número de conta designado, para o que se lle unirá a documentación da xustificación, certificación expedida pola propia entidade bancaria en que conste dígito de control, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente, onde se debe realizar o aboamento.

3. Sen prexuízo do citado no parágrafo anterior, poderán efectuarse pagamentos parciais das subvencións concedidas ou autorizar anticipos con suxeición ao establecido no artigo 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificada é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre que estea garantida a consecución do obxecto, ou de resultar a concorrencia con outras subvencións ou axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.

5. Os libramentos correspondentes ás subvencións plurianuais faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido na resolución de concesión e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento da anualidade posterior sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

Nas subvencións plurianuais, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano, corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Artigo 18º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II do reintegro de subvencións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.

Artigo 19º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación do *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña o disposto na devandita Lei 9/2007, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS (LIÑA MERCA) E VERTEBRACIÓN DO COMERCIO URBANO (LIÑA URBANCOMER)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN223A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO CONCELLO

DENOMINACIÓN		ENDEREZO	
LOCALIDADE		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	
		CIF	

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

EXPÓN:

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se amosa nos documentos que se xuntan, e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita unha subvención na contía que se expresa a seguir:

LIÑA _____ (Sinalar Merca ou Urbancomer de acordo co disposto polo artigo 1º das bases reguladoras).

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: _____

ORZAMENTO TOTAL: _____ SUBVENCIÓN SOLICITADA: _____ PORCENTAXE: _____

Nº DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS ONDE SE PREVÉ A ACTUACIÓN: _____

NOME DO TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO: _____ TÉCNICO MUNICIPAL: SI NON TELÉFONO CONTACTO: _____

SOLICITUDE PLURIANUAL. PRAZO DE EXECUCIÓN PREVISTO: _____ MESES. DESAGREGACIÓN ORZAMENTARIA: 1ª ANUALIDADE: _____ 2ª ANUALIDADE: _____

Deberá ter en conta a data límite de presentación da xustificación da 1ª anualidade que incluírá soamente aquela parte da obra xa executada e/ou a que se poida xustificar antes daquela data.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (POR DUPLICADO)

<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN POLO CONCELLO DO PROXECTO DE INVESTIMENTO.
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA DISPOÑIBILIDADE DOS INMOBLES OU VÍAS EN QUE ESTEA PREVISTO O INVESTIMENTO.
<input type="checkbox"/> MEMORIA EXPLICATIVA.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA DE SUBVENCIÓNS SOLICITADAS / CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
<input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ESPECÍFICOS QUE SE EXIXEN PARA OS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 4º.3 DAS BASES.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do 31 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede a súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN223A).

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA E SELO DO CONCELLO

Lugar e data _____ de _____ de 2009

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Conselleiro de Innovación e Industria

Este anexo ao tempo que se presente no rexistro coa solicitude, deberá remitilo via correo electrónico ou fax, en aplicación do disposto polo artigo 2 da orde de convocatoria. A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como as sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

ANEXO III

DECLARACIÓN DE SUBVENCIONES SOLICITADAS / CONCEDIDAS PARA A
ACTUACIÓN OBXECTO DE SOLICITUDE

D./Dª. , con NIF
 en calidade de
 Comparece en representación do concello de , con CIF

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado outras axudas para a actuación obxecto da solicitude.
- Ter solicitado axudas dos organismos que se mencionan a continuación para a actuación obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria para a cal se solicitou ou recibiu axuda doutros organismos.

⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada). C (concedida). P (pagada).

Así mesmo, comprométo-me a comunicar á Consellería de Innovación e Industria calquera nova solicitude, concesión ou cobramento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da axuda correspondente a esta solicitude.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

Lugar e data

, de de

Asdo.:

O/A

(sinatura)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

D./Dª: , con NIF

en calidade de

Comparece en representación do concello de , con CIF

DECLARA:

Que para a actuación obxecto de solicitude de subvención consistente en:

comprométese á utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega en toda a sinalización e nos elementos que proceda das actuacións subvenionables.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

O/A

(sinatura)

ANEXO V

RENUNCIA Á SUBVENCIÓN

D./D^a. [] , con NIF []
 en calidade de []
 Comparece en representación do concello de [] , con CIF []

MANIFESTA:

Que o día [] de [] de [] recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do _____, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións as corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais (líña MERCA) e vertebración do comercio urbano (líña URBANCOMER) en desenvolvemento do Plan renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, con código de procedemento IN [] , para o proxecto [] , por una contía de []

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

O/A

(sinatura)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 26/2009, do 12 de febreiro, polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo-Pontevedra.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 24 de maio de 2007, adoptou o acordo de declarar a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o Complexo Hospitalario de Montecelo-Pontevedra, conforme o establecido no artigo 22.4º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación

do territorio de Galicia, quedando definitivamente aprobado o referido proxecto na reunión do Consello da Xunta de Galicia do 11 de decembro de 2008, declarando, así mesmo, a utilidade pública para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial.

A dita actuación ten por obxecto dotar Pontevedra dunha infraestrutura moderna e funcional para a prestación de servizos sanitarios de calidade, ante a constatación dunha situación de planificación da atención especializada en Pontevedra nada axeitada, baseada en dous edificios diferenciados e distantes, unha planificación illada e non coordinada para o